

## A MARIÑA EN CUBA

■ A sociedade Hijos del Valle de Oro en Cuba fixo importantes realizaciónes na súa comarca de orixe e tivo un decisivo papel na creación do poderoso Centro Galego da Habana, como se relatou pormenorizadamente nestas mesmas páxinas sobre A Mariña en Cuba o 19 de agosto.

Pero a esa importante laboura hai que engadir outra, de non menor importancia e trascendencia: constituírse en abandeados da cuestionada honra do Valadouro. Foi a través do artigo de Ramón Fernández Mato titulado *El Valle de Oro, solar de hidalguía* e publicado nunha das máis prestixiosas revistas da nosa diáspora, *Cultura Gallega*, que dirixía o sillesense Adolfo V. Calveiro. O artigo apareceu nas páxinas 4 e 5 do número 2122 da citada revista, en febreiro de 1937.

Mato tiña fortes vencellos co Valadouro pois estaba casado coa acaudalada ferreirensa Pepita López. Na súa longa peripezia vital fora director dun dos mellores xornais europeos da época —*El Pueblo Gallego*, que se editaba en Vigo—, prolífico escritor e político de sona. Ocupou varios altos cargos como home de confianza que era dun dos máis fascinantes políticos do período da Restauración e da República: o pontevedrés Manuel Portela Valladares que foi o xefe do goberno que convocou as eleccións gañadas polo Frente Popular. Tralo golpe militar de Franco, Mato exiliouse a Cuba.

### Inxuria inmotivada

No citado artigo, fai unha fermosa e lírica descripción das terras do Valadouro e dí que “contra esa injuria inmotivada y contumaz” de imputar ós veciños do Valadouro a traizón que posibilitou a prisión de Pardo de Cela “quiere hoy mi pluma humilde alcanzar la dimensión y el rigor de la lanza reivindicadora”. Don Ramón basea a orixe da calumnia no romance popular de orixe medieval “Eles quedan por treidores/ e seu amo por leal/ pois os reis á súa filla/ suas terras mandan dar”. Romance que, anos máis tarde, derivou noutro de tintes parciais: “Xentiña do Valadouro/ nin Dios che garde siquiera/ que si lles cadra cen veces/ revenderan a Frouxeira”.

No seu traballo, Mato asegura que unha longa fila de historiadores —o Padre Mariana, Benito Vicetto, etc.— mantivo esa imputación deshonorosa, que culminou o insigne Ramón Otero Pedraio ó afirmar que ata o século XIX os fillos do Valadouro non eran admitidos como testigos “penándose, así, de generación en generación, la alevosía atribuida a los antepasados”.

O artigo de *Cultura Gallega* califica ós historiadores que propagaron a mentira de “fáciles a la seducción de la ley del menor esfuerzo, que rehuyen de hacer escrupulosas calicatas y

Mañá cumpre cen anos da sociedade Hijos del Valle de Oro na Habana. A efeméride non terá recoñecementos oficiais no Val, a pesar da gran importancia da entidade emigrante, que de-

fendeu a honra posta en dúbida do Valadouro pois, ata o século XIX, os seus veciños non eran admitidos como testigos por creerse que traizoaran a Pardo de Cela.

# El Valle de Oro, solar de hidalguía

Con este mesmo título, Ramón Fernández Mato escribiu en 1937 na Habana un artigo no que desmontou a calumnia secular de que a traizón do Valadouro posibilitara facer preso ó Mariscal

MARTÍN FERNÁNDEZ \*



ANTONIO LÓPEZ

A Torre de Alfoz é un dos poucos vestixios que queda no Val dos tempos de Pardo de Cela

manejan como buena moneda la falsedad inveterada”. E señala que foi Fernando Saavedra Rivadeneira, citado “por el insigne y severo Villamil y Castro”, o que na súa Genealogía y Servicios de la Casa de Saavedra “tritura y disipa el inmerecido baldón y enumera con sus nombres y procedencias a los veintidós villanos que montaban guardia del paladín de A Frouxeira”. Escribe Mato que “de los veintidós malvados sólo uno aparece como vecino de Vacoy, con “v”, y aún siendo dudosa su procedencia geográfica, un traidor no es un pueblo”. Os outros eran de Puentes de García Rodríguez, Vicedo, Negradas del Sor, Condado de Santa Marta, Muras, Meira, Bares, de las Asturias...

Por eso conclúe o seu traballo preguntándose “¿dónde está, pues, la traición colectiva de los vecinos del Valle de Oro?, ¿en qué fundar la descalificación moral de unas gentes que, como las del Valle de Oro, han sido y son espejo de lealtad, de seriedad en los tratos y fidelidad en las promesas, de mesura en la palabra y ético vigor en la conducta?”. Remata pedindo “que se pongan de rodillas los que mintieron” e facendo, de novo, un canto enfervorizado e un tanto gradilocuente do Valadouro: “y guarde la envidia su baba y

su ponzoña malignas para lugares y hombres menos fuertes, menos puros, menos hidalgos, porque el Valle de Oro no recibe el nombre del río que le surca y embellece, sino que le viene, por comparación, de la calidad y los quilates del príncipe de los metales”.

Entre outros méritos contraídos por él, sin dúbida tan apaixonada defensa da honra do Valadouro fixo que a sociedade Hijos del Valle de Oro na Haba-

*Os do Valadouro non eran admitidos como testigos por creerse que traizoaran a Pardo de Cela*

na o nomease Socio de Honor. A prensa galega en Cuba fíxose eco, en amplas e diversas informacións, do nomeamento de Fernández Mato e do solemne acto en que foi investido.

### Directiva e méritos

A directiva de Hijos del Valle de Oro que adoptou o acordo en 1937 estaba presidida por Lorenzo Veiga e formada por Eduardo Pernas (vicepresidente), Manuel Palmeiro (secretario), Antonio Villarino (vicese-

cretario), Pedro Fernández (tesorero), Ramón Varela (contador) e Edelmiro Rey (vicecontador). Entre os socios de entón, figuraban Ramón Picoaga, Segismundo E. Palmeiro, José Ramón Díaz, José M. Lamelas, José Sixto, José Ramos Soler, Antonio Gómez, José Balseiro, Manuel Díaz, José Paz, Saladino Reigosa, Manuel Mariña, José Díaz, Manuel Ramos, Benito Lorenzo, Juan R. Rodríguez, Pedro Fernández, José Dorado, Manuel Fraga, José e Edelmiro Pedrosa, Marcelino Ben, Manuel Paz, José María Eijo, José Mandiá, Jesús Veiga “y otros muchos, cuyos nombres no recordamos” dí o cronista Ramón Lemos na súa información de *Cultura Gallega*.

As crónicas señalan que “los méritos contraídos por el señor Fernández Mato con los Hijos del Valle de Oro son muchos y de gran trascendencia, pues que los servicios prestados a aquella histórica y progresista comarca durante su actuación política y periodística fueron de los que ningún pueblo sensible al sentimiento de la gratitud puede olvidar”. E din tamén que quen fora director xeral de Seguridade, gobernador civil de Cidade Real, Málaga, Xaén e Cáceres, e deputado nas Cortes da Segunda República por Lugo “sin tener en cuenta diferencias políticas

ni cuestiones personales, sino sólo el interés del Valle de Oro, consiguió múltiples mejoras para aquel y muchas otras estaban ya en vías de realización cuando estalló la devastadora contienda que asuela a España”. Entre estas últimas, citan a creación do Instituto e Granxa Agrícola “que tenía ya concedido el crédito correspondiente y que, por cierto, se denominaría Pedro Pardo de Cela, el primer mártir de las libertades gallegas”.

Ramón Fernández Mato nacera en Cespón (Boiro) aínda que a súa familia —seu sobriño foi o poeta Manuel María— era oriunda de Outeiro de Rei. Casou en Ferreira do Valadouro con Josefa López, filla dun acaudalado contratista que construiu numerosas estradas da rede viaria provincial. Foi un home pintoresco e polifacético, brillante e gran orador, autor dunha prolífica obra literaria e ensaística.

### Luces e sombras

Tivo sombras. A decir de Borobó foi o único exiliado republicano galego que, xunto a Alvaro de las Casas, se converteu ó franquismo no exilio sen dúbida influido polo seu refuxio na República Dominicana do ditador Trujillo, de quen foi panexirista. Nesa condición voltou a España, na década dos sesenta, da man do entón Ministro de Información e Turismo, Fraga Iribarne, que, previo paso por Foz, consiguille a quinta *Miña Terra* en Vilagarcía onde morreu en 1980.

Pero tamén tivo luces. Sobre todo cando, nos anos vinte, dirixeu en *El Pueblo Gallego*, o xornal de Portela Valladares, a unha redacción da que formaban parte nada máis e nada menos que Roberto Blanco Torres (redactor xefe) ou redactores tan notables como Rafael Dieste, Xerardo Alvarez Gallego, Felipe Fernández Armesto, Valentín Paz Andrade e Carlos Maside (director artístico) ou Manuel Torres e Alvaro Crebeiro (ilustradores).

En Mato se apoiaron os Hijos del Valle de Oro en Cuba para defender a súa terra. Uns fillos do Valadouro que foron decisivos, a través de Andrés Canoura e Juan R. Alvarez, na creación da máis importante institución galega da emigración, o Centro Galego da Habana, que posibilitou o Himno Galego, a bandeira, a creación da Academia, un emblemático edificio social e unha louvable actividade social, educativa e benéfica.

Uns Hijos del Valle de Oro que fixeron as escolas de Ferreira, Cadramón, Vilacampa e Baco e realizaron melloras nas de Mucide, Santo Tomé e Santa Cruz, ademais doutros proxectos públicos e privados. E que mañá cumpre cen anos da súa constitución como centro na emigración sen lembranza oficial algunha.

\* martin.fernandez@depo.es